

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 1888/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

INFORME XUSTIFICATIVO DA CONVENIENCIA E NECESIDADE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO"

I. ACTUACIÓNS PREPARATORIAS DO CONTRATO DE OBRAS (APROBACIÓN DO PROXECTO)
ARTIGOS 231 E SEGUINTES DA LCSP

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19.01.2023 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto para a mellora do ascensor inclinado situado na Rúa Juan Ramón Jimenez, entre Menéndez Pelayo e Camelias a favor da mercantil EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L.

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de "MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo Graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 07.09.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 12.09.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 22.09.2023 aprobou o proxecto de de obras de "MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO", redactado polo graduado en Enxeñería Industrial Mecánica D. Rubén Eduardo Otero González, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS NOVE MIL ONCE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (209.011,04 €) e asinado

Área de Fomento

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 1 de 6
1888-441	CSV: AAA552-A7E48D-8134A4-G4KBAE-7EQGKZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 1888/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

dixitalmente en data 6 de setembro de 2023. (Expte. 6147-443).

II. NECESIDADE E IDONEIDADE COA QUE SE PRETENDE DAR SATISFACCIÓN ÓS ARTIGOS 1, 28 E 116 DA LCSP

1. Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, xustifícanse na necesidade de remodelación e mellora de infraestruturas viarias de titularidade municipal. Estas necesidades e a idoneidade das obras proxectadas para satisfacelas atópanse definidas detalladamente xunto co seu alcance, na memoria e no proxecto.

Tal e como se indica na memoria descritiva do proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local, o alcance do mesmo é definir, describir e valorar todas as actuacións necesarias para as melloras do ascensor inclinado que une Menéndez Pelayo coa Avenida das Camelias para facilitar o seu funcionamento e mantemento coas maiores medidas de seguridade, para usuarios, transeúntes, mantedores e explotadores do mesmo.

As obras que se pretenden executar son, na súa maioría, actuacións de substitución e reparación de elementos. Tamén se contempla o ensanche dos accesos a sala de máquinas e foso, que requiren da demolición parcial da laxa sobre esta, polo que se describen as medidas de seguridade contempladas para a execución das mesmas e as características e limitacións na utilización.

2. Idoneidade.

A idoneidade das obras obxecto desta contratación para satisfacer as anteditas necesidades,

Área de Fomento

2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 2 de 6
1888-441	CSV: AAA552-A7E48D-8134A4-G4KBAE-7EQGKZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS**

**CONCELLO
DE VIGO**



EXPEDIENTE: 1888/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

desenvólvense no respectivo proxecto. A zona de actuación límtase ao ascensor que conecta a rúa Menéndez Pelayo coa avenida de Camelias á altura do número 46, concretamente neste desembarco será previsiblemente a zona de provisións e de acceso ás obras que se executarán entre os dous laterais do percorrido do ascensor. As obras a executar enuméranse a seguir;

- Recrecido do solo do sala de máquinas cunha pequena pendente cara os sumidoiros para facilitar a evacuación das augas pluviais.
- Sumidoiro lonxitudinal na sala de máquinas, entre o perímetro dos muros e o solo pararecoller as augas canalizándoas aos desaugadoiros.
- Limpeza dos muros da sala de máquinas e tratamento superficial para evitar a proliferación de líquenes, algas e microorganismos.
- Selado ou substitución dos compoñentes do ascensor que permiten entrada de agua como os cambios e finais mecánicos, canaletas de oco, pantallas de alumeado do oco do elevador, etc.
- Mellora da iluminación no interior do oco do elevador.
- Instalación de liñas de vida ao longo de todo o recorrido do oco do ascensor.
- Substitución dos mecanismos das portas de corredores e cabina de ambos embarques (eixos, elementos bloqueo e desbloqueo, portas, operados de cabina e mecanismo de descanso).
- Instalación de pasamáns nas escaleiras de emerxencia para facilitar a evacuación da cabina do ascensor e o acceso a este de forma segura.

Área de Fomento

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 3 de 6
1888-441	CSV: AAA552-A7E48D-8134A4-G4KBAE-7EQGKZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 1888/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

- Instalación de alumeados nas escaleiras de emerxencia para mellorar a visibilidade.
- Ampliación do oco e substitución da reixa de acceso ao oco do ascensor para a inspección do ascensor dende a sala de máquinas.
- Ampliación do acceso á sala de máquinas con nova trampilla de inspección e escaleira con oco libre mínimo de 80x80cm e con contrapesos.
- Ampliación do acceso ao foso (rúa Menéndez Pelayo) con nova trampilla de inspección e escaleira con oco libre de 80x80cm e con contrapesos.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta actuación, a cal está vinculada á remodelación e mellora de infraestruturas viarias de titularidade municipal, destinadas directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local, polo cal, tendo en conta aspectos específicos dos proxectos a executar, faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Vigo, non conta con recursos propios para a execución destas actuacións, dado que as mesmas demandan a execución de actuacións de obras cunha esixencia de man de obra e maquinaria, que non poden ser executados directamente pola propia estrutura municipal, polo cal entendese necesario acudir a unha contratación de obras para poder executar os proxectos previstos.

III. FINALIDADE INSTITUCIONAL, COMPETENCIAS MUNICIPAIS

A finalidade a satisfacer pola administración municipal está relacionada coa remodelación e mellora das infraestruturas das vías públicas de titularidade municipal, competencia municipal propia de carácter obrigatorio a teor do disposto no artigo 25.2.d e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 4 de 6
1888-441	CSV: AAA552-A7E48D-8134A4-G4KBAE-7EQGKZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 1888/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

abril, reguladora das bases do réxime local e 80.2.d e 81.a da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

IV. NATUREZA DAS OBRAS E REXIME XURÍDICO

1. As obras a executar teñen a condición dunha actuación de inversión xa que supoñen un incremento da capacidade, rendemento e eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuacións de “investimentos reais”.
2. Asemade, en base o exposto, estas actuacións cualificaranse como contrato de obras segundo o disposto no artigo 13 da LCSP.
- 3.- O presente contrato está previsto no Plan anual de contratación.

V. CONCLUSIÓN

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación das obras de **“MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”**.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnico de Xestión de Servizos Xerais.- Ruth Gallego Santos.

Área de Fomento

5



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 5 de 6
1888-441	CSV: AAA552-A7E48D-8134A4-G4KBAE-7EQGKZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA
ÁREA DE GOBERNO DE
FOMENTO E SERVIZOS

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE: 1888/441	TIPO EXPTE: INFORME DE NECESIDADE E IDONEIDADE
	SOLICITANTE: Fomento

O Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas.- Jerónimo Centrón Castaños.

DECRETO

Á vista do informe xustificativo da necesidade da necesidade e idoneidade, no uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023),,

RESOLVO: “Iniciar expediente para a contratación das obras de **“MELLORA DO ASCENSOR INCLINADO SITO NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, ENTRE MENÉNDEZ PELAYO E CAMELIAS, NO CONCELLO DE VIGO”**”.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Concelleiro de Área de Goberno de Fomento e Servizos (Resolución da Alcaldía de datas 19 e 28 de xuño de 2023, BOP nº 123 de data 27.06.2023)- F. Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe,

A Secretaria de Goberno Local.

Susana Gallardo Fariña

Área de Fomento

6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/07/2024 09:30	Páxina 6 de 6
1888-441	CSV: AAA552-A7E48D-8134A4-G4KBAE-7EQGKZ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		